

## CONCRECIÓN CURRICULAR ATENDENDO A :

- A) Orde do 8 de setembro de 2021 polo que se regula a atención á diversidade
- B) Orde do 25 de xaneiro de 2022

## CRITERIOS XERAIS SOBRE AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN DO ALUMNADO

### 1.MOMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é un proceso continuo, que se realiza de forma paralela ao proceso educativo polo que, neste centro estruturarémolo da seguinte maneira:

#### ✓ Avaliación inicial.

Ao comezo de cada ciclo o equipo docente levará a cabo unha avaliación inicial que permita determinar o punto de partida do proceso de ensino aprendizaxe. A este efecto deberá terse en conta o Informe de Avaliación Individualizada que emitira o profesorado do ciclo anterior e realizaranse intercambios de opinión e información entre o profesorado do curso anterior e do actual coa finalidade de non empezar de cero no coñecemento do alumnado.

A importancia da avaliación inicial radica en poder situar os coñecementos, o nivel de dominio e as habilidades que teñen os alumnos e as alumnas antes de iniciar un novo aprendizaxe.

#### ✓ Avaliación continua.

Durante o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe faremos un seguimento e avaliación continua que permita unha modificación, adaptación e mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe.

A avaliación continua dos aprendizaxes do alumnado realizarase tomando en consideración:

- Os criterios de avaliación das áreas.
- O desenvolvemento das capacidades indicadas nos obxectivos xerais da etapa e do ciclo, a través dos contidos das áreas.
- A consecución das competencias clave.
- As condicións específicas de cada alumno e alumna, facendo fincapé especialmente en aspectos relacionados con:
  - Integración no grupo (en relación cos compañeiros e compañeiras, co profesorado...).
  - Actitude e hábitos de traballo (iniciativa, capacidade de organizar, constancia, orixinalidade, limpeza...).
  - Habilidades e destrezas na utilización dos métodos de traballo.

- As medidas de reforzo educativo que se vexan necesarias.

✓ **Avaliación final.**

A avaliación final serve para constatar os resultados da aprendizaxe dos alumnos e alumnas, así coma para planificar e adecuar a secuencia formativa seguinte:

- Ao finalizar cada período de avaliación valoraremos o proceso seguido e a situación dos alumnos e alumnas, tendo en conta os seguintes criterios:
- Adecuaremos o programa de actividades ao progreso do alumnado do grupo.
- Adoptaremos as medidas de reforzo educativo que se vexan precisas.
- Adoptaremos as medidas precisas relacionadas coa dinámica do grupo.
- Ao rematar cada curso constataremos os resultados da aprendizaxe definindo cales son as competencias e as necesidades de cada un dos alumnos e alumnas.
- Ao final de cada etapa farase unha valoración global do proceso seguido e dos resultados alcanzados, tomando como referencia fundamental os criterios de avaliación de cada unha das áreas e os globais da etapa. A partir de dita avaliación adoptaremos a decisión de promoción ao ciclo ou curso seguinte, a de titulación ou a de permanencia dun año máis no mesmo ciclo ou curso.

✓ **Sesións de avaliación.** As sesións de avaliación son as reunións nas que o equipo cocente, coordinado polo profesorado-titor do grupo, co apoio do orientador u orientadora e con presenza dun membro do equipo directivo, preferentemente o/a xefe/a de estudos, consigna documentalmente, previa deliberación colexiada, os resultados das actividades de avaliación levadas a cabo ata a data de cada sesión.

Ao longo do ano académico realizaremos tres sesións de avaliación, coincidindo co final de cada un dos tres trimestres do curso.

As sesións de avaliación analizarán os resultados académicos con carácter global para coñecer e propoñer medidas de reforzo ou de mellora sobre:

- Problemas que afectan a alumnos ou alumnas concretas.
- Problemas que afectan a unha ou varias áreas.
- Problemas que afectan a un ou varios profesores/as.

Nas sesións de avaliación analizarase a situación e os problemas do grupo e adoptaranse, no seu caso, as medidas oportunas para resolvelos. Nas sesións de avaliación final, que se celebrarán no remate do mes de xuño, e da sesión da avaliación extraordinaria en ESO ademais das decisións propias de tódalas sesións consignaranse, previa deliberación:

- As cualificacións obtidas en cada unha das áreas obrigatorias e materias optativas.

- Decidirase a promoción ao ciclo ou curso seguinte ou a permanencia no mesmo ciclo ou curso durante outro ano académico.
- Acordarase o contido dos informes de Avaliación Individualizados.
- No caso de alumnado de 4º de ESO acordaranse as propostas de expedición do Título de Graduado en Ensinanza Secundaria ou a permanencia no mesmo ciclo durante outro ano académico.
- O titor oirá ao equipo docente en relación co Consello Orientador sobre o futuro académico e profesional do alumno ou alumna de 4º de ESO, salvo que permaneza un ano académico máis en dito curso.
- Entre as sesións de avaliación o equipo docente do grupo poderá reunirse sempre que o solicite o titor/a ou profesorado do grupo para analizar o progreso do alumnado, especialmente de aqueles que presenten algunha necesidade específica ou problemas que se produzan no grupo.

✓ Avaliación do profesorado.

O profesorado avaliará, nas sesións de avaliación do seu grupo, os procesos de ensino e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e das áreas, e co desenvolvemento das competencias básicas.

Esta avaliación incluírá, polo menos, os seguintes aspectos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- As aprendizaxes acadadas polo alumnado.
- As medidas de atención á diversidade aplicadas.
- A programación e o seu desenvolvemento, a organización da aula, o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado.
- A coordinación entre as profesoras e profesores de cada curso, así como entre o profesorado do 1º curso da ESO co equipo de mestras e mestres da etapa anterior coa finalidade de garantir a eficacia necesaria no tránsito dunha etapa a outra.

Os resultados desta avaliación serán analizados na comisión de coordinación pedagóxica na que se tomarán as decisións que fosen consideradas pertinentes.

## 2. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN

### 2.1. EDUCACIÓN INFANTIL

A avaliación desta etapa está regulada polo Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil e a Orde do 25 de xuño pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na

Comunidade Autónoma de Galicia. En base o marcado por esta lexislación os criterios para esta etapa serán os seguintes:

- Presta atención ás información que lle transmiten outras persoas.
- Manifesta interese por comunicarse con outras persoas
- Asocia xestos e manifestacións corporais con diversos estados anímicos.
- Comprende os xestos e as manifestacións corporais como unha forma de comunicación.
- Manifesta oralmente, cada vez con maior precisión e complexidade, as súas necesidades e intereses.
- Comprende as manifestacións orais máis habituais no seu entorno.
- Exprésase empregando recursos propios da expresión plástica
- Identifica as producións plásticas como un medio de representación.
- Expresa sentimentos e emocións empregando a música como canal.
- Aмосa interese polas producións musicais que forman parte da súa cultura.
- Emprega os recursos expresivos coñecidos en situacións novas.
- Combina diferentes recursos expresivos de xeito orixinal.
- Aмосa interese polos textos escritos presentes no seu entorno próximo.
- Asocia producións escritas con significados
- Participa activamente nas representacións e no xogo dramático.
- Evoca e comunica situacións representadas previamente.

## 2.2. EDUCACIÓN PRIMARIA

Regulase segundo a orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua, global, formativa e integradora de todas as áreas. Terá en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas. Serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final. Os criterios de avaliación das áreas serán referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua, global, formativa e integradora de todas as áreas. Terá en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas.

Na avaliación serán tidos en conta todos os elementos que compoñen o currículo.

Os criterios de avaliación das áreas serán referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas.

No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun

alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas.

### 2.3. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Regulase segundo a orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se regula a avaliación na Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en Educación Secundaria Obrigatoria.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora, tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

6. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os seus criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarse a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.

Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.

A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.

As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

### 3. CRITERIOS SOBRE PROMOCIÓN

#### 3.1. PROMOCIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado pola xunta de avaliación, tendo en conta os criterios de promoción. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso

anterior.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

Tendo en conta que soamente poderá permanecer no mesmo curso en 2º, 4º e 6º, o alumno/a con máis de tres materias suspensas non promociona.

Para finalizar é necesario sinalar algúns criterios que deberanse ter en conta en tódolos ciclos:

- Priorizarase a adopción de medidas extraordinarias como: o apoio por parte da profesora especialista de Pedagogía Terapéutica e a provisión de adaptacións curriculares.
- Terase en conta o ámbito de socialización, a integración no grupo, e os medios e condicións que reúne o centro á hora de decidir a promoción ou non dun alumno/a.

### [3.2. PROMOCIÓN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA](#)

Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- A. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- B. Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- C. Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- D. Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

Para a elaboración e o seguimento do plan específico personalizado a que se refire o punto



anterior, seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

### 3.3. CONSELLO ORIENTADOR PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

Ao finalizar o segundo curso entregaráselles aos pais, ás nais ou ás persoas que teñan a titoría legal de cada alumna ou alumno un consello orientador. Este consello incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta a pais, nais ou titores ou titoras legais, ou, de ser o caso, á alumna ou ao alumno, da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo formativo de grao básico.

Igualmente, ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización, todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado que incluírá unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes. Este consello orientador terá por obxecto que todo o alumnado atope unha opción adecuada para o seu futuro formativo.

Ademais de nos casos anteriores, cando o equipo docente considere conveniente propor a pais, nais, titores ou titoras legais, ou á alumna ou ao alumno a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular, ou ao primeiro curso dun programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, nalgún outro curso en que resulte de aplicación, a devandita proposta formularase a través dun consello orientador que se emitirá con esa única finalidade.

Este consello orientador elaboraráo o profesorado titor, logo da información recollida na sesión de avaliación final e co asesoramento do departamento de orientación. Levará a sinatura do profesorado titor e da persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación, e o visto e prace da dirección do centro docente. O consello orientador incluírase no expediente da alumna ou do alumno.

#### 4. CRITERIOS DE TITULACIÓN

Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.

Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- A. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- B. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
- C. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.

As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.

O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

Considerarase **abandono intencionado** dalgunha materia sempre que se cumpran dúas das seguintes premisas:

- Non asistir a clase inxustificadamente.
- Asistir continuamente sen o material preciso e non realizar as tarefas.
- Manter actitudes contrarias ás normas de convivencia.

En este caso considerase que non cumpre o requisito de ter “acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.”

#### DESENVOLVEMENTO DAS VOTACIÓNS

Todo o profesorado presente na Xunta de Avaliación que lle imparta docencia ao alumno ou alumna sobre o que se decide a promoción ou titulación está obrigado a emitir un voto afirmativo ou negativo, sen que sexa posible o voto en branco ou a abstención. Segundo o artigo 57 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade, o profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica ten voz pero non voto nas sesións de avaliación.

#### 5. CRITERIOS PARA MATRÍCULA DE HONRA

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

#### CRITERIOS PARA A CONCESIÓN

Antes do inicio da avaliación todo o profesorado deberá ter introducidas as súas notas no Xade. Poderanse facer cambios durante a avaliación, pero non poderá haber notas sen meter ó inicio

desta.

Para asignar as matrículas entre os/as posibles candidatos/as que cumpran o requisito esixido , terase en conta:

1. Primeiro: a nota media máis alta, redondeada á centésima máis próxima, de toda a ESO.
2. Segundo: En caso de se produciren empates, terase en conta, a nota media máis alta, redondeada á centésima máis próxima, de 4º curso da ESO.
3. Terceiro: No caso de persistir o empate, terase en conta, o alumno/a que, a igual cantidade de materias, teña en 4º curso un menor nº delas cunha cualificación inferior a nove puntos.
4. De persistir aínda o empate, o conxunto de profesorado implicado, acordará o desempate dando preferencia a aquel(es) alumno/a(s) que ó longo do curso actual demostrase ser máis regular e constante e tivese unha maior e máis continuada capacidade de traballo e de superación así como unha mellor actitude cara a favorecer unha convivencia positiva . Se fose preciso, tras o oportuno debate, realizarase votación.

#### PROCEDEMENTO

Será responsable do proceso o cargo directivo que coordine a sesión de avaliación ordinaria en xuño. Unha vez rematada a sesión de avaliación ordinaria de 4º de ESO, o conxunto do profesorado que conforme a xunta de avaliación do grupo decidirá se procede o outorgamento de algunha matrícula de honra.